



MEMORIA XUSTIFICATIVA

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

- Obxecto do contrato:

O obxecto do contrato consiste nas obras de MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ, posto que o Concello de Chandrexa de Queixa carece dos medios personais, materiais e técnicos necesarios para levalo a cabo.

Neste senso, o Concello de Chandrexa de Queixa conta cunha subvención concedida pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER), en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019 - 2020 (DOG núm. 21, de 30 de xaneiro de 2019), para a execución das obras comprendidas no proxecto: PROXECTO DE MELLORA DE ACCESO AO NÚCLEO RURAL DE QUINTÁ.

- Necesidades a satisfacer:

As necesidades que se pretenden cubrir son as de mellorar as infraestruturas de comunicación municipais, ao obxecto de facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio e favorecer as condicións de tránsito e acceso aos diferentes núcleos rurais obxectos de actuación, proporcionando mellor calidade de vida e maior seguridade viaria aos seus veciños, contribuíndo a frear o despoboamento e fomentando a actividade económica.

- Valor estimado do contrato e elección do procedemento:

Conforme o artigo 101.a) da LCSP o valor estimado dos contratos de obras será determinado polo órgano de contratación tomando o importe total, sen incluír o IVE, pagadero segundo as súas estimacións.

A este respecto, segundo o proxecto, o valor estimado do contrato ascende a corenta e tres mil trescentos sesenta e tres euros con vinte e tres céntimos (43.363,23 €), IVE excluído.

Pola súa parte, o orzamento base de licitación ascende á cantidade total de cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e nove euros con cincuenta e un céntimos (52.469,51 €) que resultan da suma do importe base, que ascende a corenta e tres mil trescentos sesenta e tres euros con vinte e tres céntimos (43.363,23 €), máis o importe correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que é de nove mil cento seis euros con vinte e oito céntimos (9.106,28 €).



Para elo, óptase pola tramitación dun contrato administrativo, de conformidade coo disposto no artigo 13 e Anexo I da LCSP, mediante procedemento aberto simplificado, atendendo ao valor estimado do contrato e os criterios de adxudicación previstos, tramitación ordinaria, con aplicación de múltiples criterios de adxudicación.

A elección dos criterios de valoración realízase buscando a obxetividade dos mesmos, a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecendo como tales o prezo e o prazo de garantía sobre o mínimo establecido.

- **Insuficiencia de medios:**

Atendendo ao cadro de persoal do Concello de Chandrexa de Queixa carece de medios persoais para realizar a presente obra.

- **Criterios de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional:**

De acordo co establecido no artigo 87.3.a) da LCSP a acreditación da solvencia económica e financeira realízase mediante o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e conta anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

En canto a solvencia técnica ou profesional óptase, conforme o artigo 88.1.a) da LCSP, mediante a relación de obras executadas nos últimos cinco anos, que sexan do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato, ou do grupo ou subgrupo máis relevante para o contrato se este inclúe traballos correspondentes a distintos subgrupos, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato. A tal efecto a relación das obras executadas acreditarase mediante certificación de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo; de ser o caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

- **Non procedencia da división en lotes do contrato:**

Ao tratarse da execución dun único camiño, non procede a división en lotes.

Chandrexa de Queixa, 26 de xuño de 2019.

O alcalde

Francisco Rodríguez Rodríguez